



Ola rapaces, esta semana realizarás actividades relacionadas cas Letras Galegas e con Ricardo Carvalho Calero (escritor a quen se lle dedican ás Letras Galegas 2020).

Lembra enviarme a tarefa unha vez a teñas rematada.

beacolecodeseda@gamil.com

- Le varias veces e detidamente a biografía de Ricardo Carvalho Calero e busca no dicionario aquelas palabras que non comprendas.

BIOGRAFÍA

Ricardo Carballo Calero, ou **Ricardo Carvalho Calero**, nome co que asinou as súas obras desde 1981 a hasta o seu falecemento.

Naceu en Ferrol, (A Coruña) o 30 de outubro de 1910

Foi:

- Filólogo (persoa que estuda os textos escritos)
- Escritor.
- Mestre.
- Licenciado en Dereito e filosofía e letras pola Universidade de Santiago.
- Doutor pola universidade de Madrid.
- Membro numerario da Real Academia Galega.
- Membro da Academia das Ciencias de Lisboa desde 1981 .
- Membro de honorífico da Associação Galega da Língua.

Tras cursar o Bacharelato en Ferrol , marcha a Compostela para estudar Dereito e Filosofía e Letras e cumprir co servizo militar.

En 1932 gañou unha praza de auxiliar administrativo na vila natal (Ferrol) e casa con María Ignacia Ramos; licenciada en historia e compañeira de estudos universitarios.

Nestes anos contribúe con numerosas colaboracións ás máis destacadas revistas literarias (*A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios,*

Papel de Color) e principiou a publicación dos seus libros poéticos, primeiro en español e despois en galego.

Estudou por libre a carreira de Filosofía e Letras licenciándose en 1936 pola Universidade de Santiago de Compostela.

Debido as súas ideas políticas foi condenado e recluído no cárcere de Xaén. En 1941 o escritor regresou á súa cidade con liberdade condicional. Imposibilitado para exercer a función pública, refuxiouse no ensino privado, entre 1950 e 1965 no Colexio Fingoi de Lugo.

Paralelamente ao seu labor docente, desenvolveu nestes anos un importantísimo traballo investigador que tivo como froito máis valioso a publicación en 1963 da "*Historia da literatura galega contemporánea*."

En 1972 foi nomeado titular da cátedra de Lingüística e Literatura Galega.

Dentro da súa obra podemos atopar:

- Ensaio (tipo de texto en prosa que explora, analiza, interpreta ou avalía un tema)
- Poesía: *Vieiros, Poemas pendurados dun cabelo, Pretérito Imperfeito, Cantigas de amigo e outros poemas, Reticências...*
- Teatro :*Catro pezas: A sombra de Orfeo, Farsa das zocas, A arbre, Auto do prisioneiro e Teatro Completo.*
- Narrativa: *Xente da Barreira e Scórpio.*

Membro da Real Academia Galega desde 1958, faleceu en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 1990.

- Que é unha biografía? Copia a resposta correcta
 - Narración en prosa, xeralmente extensa, na que conta unha historia de ficción.
 - Xénero literario considerado coma unha manifestación da beleza ou do sentimento estético por medio da palabra, escrito en verso.
 - Historia da vida dunha persoa desde o seu nacemento hasta a súa morte narrando os feitos máis importantes da súa vida (logros e fracasos)
 - Texto en prosa que explora, analiza, interpreta ou avalía un tema.

- Realiza un cartel sobre as Letras Galegas 2020, lembra que este ano se lle dedican a Ricardo Carvalho Calero (podes utilizar un folio ou unha folla da libreta).
- Observa e le este poema (non o tes que copiar) de Carvalho Calero e despois reponde ás seguintes preguntas:
 - Cantas estrofas ten o poema?
 - Cantos versos ten en total?
 - Teñen todas as estrofas o mesmo número de versos?
 - Cantos versos ten a segunda estrofa? E a cuarta? Hai algunha estrofa que teña cinco versos?

"PRAIA DE CORUJO"

Na area para min alguén cravou
o parasol, e á sua sombra puxo
a hamaca para min. O mundo Egipto.

Flabelo e trono: eu faraón.

No meu reino de auséncia, ausente impero.

Esquecido de min e o mundo, ambos
somos un, como o corpo e a alma. Todo
non cobizado é fácil para min.

Secretos pensamentos me arrodeian
como escravas despidas, que non ousan
un tilintar de ajorcas, e se esfuman,
virges ideas, no meu puro harem.

Sobre ninguén impero e reino en todo.
E o mundo é aquala e eu aquel, e somos
el, ela e eu os únicos,
e os tres un. E a unidade é, un intre, tres.

Da miña orquestra real, azuis doncelas,
esparegando as suas testas brancas,
tangen os cons, arrolan o meu sono,
e os seus cabelos estran aos meus pes.

O sol olla-me, o sol paterno, voo
de áureo falcón inmóvel sobre a vida.
O seu ouro é o meu sange, e, lento, flui

no meu corpo solar.

Teito azul, chan enxebre, alta pirámide.

Faixa

Adobiado estou. Pechade a porta.

Poñede o selo. El, ela e eu. Só un.

- Escribe unha poesía que cumpra estas condicións:
Estar en galego.
Ter como mínimo 4 versos e como máximo 8.
Elixe entre estes temas: apertas, amigos/as, familia, rúa.
- Realiza o genial.ly que está colgado no Blog de Biblioteca (abaixo de todo na columna da esquerda) esta indicado para 1º e 2º pero podes realizalo tamén vós. Foi preparado pola vosa compañeira de 6º Carla Prado. Esta actividade non a tendes que enviar, é online.
- Solución al acertijo matemático propuesto la semana pasada.

Lo resolviste correctamente?

Antes de aceptar la jugarreta del diablo, el campesino tenía 21 euros.

- Cruza la primera vez: $21 \times 2 = 42$ Tira 24 euros al río: $42 - 24 = 18$
- Cruza por segunda vez: $18 \times 2 = 36$ Tira 24 euros al río: $36 - 24 = 12$
- Cruza por tercera vez: $12 \times 2 = 24$ tira 24 euros al río: $24 - 24 = 0$

ACTIVIDADES DE RELIXIÓN (soamente para o alumnado que cursa eta materia).



Revisade as actividades que tendes colgadas na páxina e que están propostas para a quincena do 15 ó 30 de maio.

XOVES, 21 DE MAIO

As tarefas semanais de MÚSICA e ED. FÍSICA, están colgadas na páxina do centro nos apartados correspondentes a estas materias.

NON ESQUEZAS ENVÍAR AS TAREFAS ÁS PROFES NOS PRAZOS
INDICADOS

VENRES, 22 DE MAIO

As tarefas semanais de PLÁSTICA e INGLÉS, están colgadas na páxina do centro nos apartados correspondentes a estas materias.

NON ESQUEZAS ENVÍAR AS TAREFAS Á PROFE NOS PRAZOS
INDICADOS